

Mércores, 10 de xuño de 2026

Núm. 109

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

REDONDELA

Subvencións e axudas

BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA GASTOS CORRENTES DESTINADOS ÁS COMUNIDADES DE PERSOAS USUARIAS DA AUGA NO CONCELLO DE REDONDELA

EXPEDIENTE: 2857/2026

ANUNCIO

Mediante Resolución da Alcaldía número 2026-2119 de data 6 de xuño de 2026, aprobáronse as seguintes BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA GASTOS CORRENTES DESTINADOS ÁS COMUNIDADES DE PERSOAS USUARIAS DA AUGA NO CONCELLO DE REDONDELA

PRIMEIRA. DEFINICIÓN.

As presentes bases e convocatoria teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para a concesión de subvencións en réxime de libre concorrancia ás comunidades de persoas usuarias de auga domiciliaria constituídas no termo municipal de Redondela de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Esta convocatoria realízase ao abeiro da Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Redondela, publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 99 o 23 de maio de 2008.

As comunidades de persoas usuarias da auga son entidades do maior interese para o Concello xa que contribúen á preservación e adecuado aproveitamento dun ben público como é a auga potable destinada ao consumo humano e colaboran no exercicio da competencia en materia de abastecemento de augas establecida no art. 25.2.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

SEGUNDA. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Poderán ser obxecto de subvención aqueles gastos correntes do ano 2025 das comunidades de persoas usuarias de auga que contribúen ao seu mantemento. Estas comunidades deberán atoparse validamente constituídas no termo municipal de Redondela segundo o réxime legal establecido nos arts. 81 e seguintes do Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas e 198 e seguintes do Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o regulamento do dominio público hidráulico.



Mércores, 10 de xuño de 2026

Núm. 109

Serán gastos subvencionables :

- Servizos básicos: electricidade ou calquera outra enerxía necesaria para o funcionamento da comunidade.
- Mantemento e reparacións, incluíndo os gastos relacionados coa reparación e mantemento da infraestrutura (tuberías, bombas, equipos...).
- Subministro de materiais e servizos contratados (cloro, analíticas en depósitos, domicilio...).
- Seguro de danos e responsabilidade civil.
- Impostos relacionados coa propiedade e funcionamento da comunidade.
- Gastos de asesoría, xestión ou consultoría que non estean vinculados a obras e actuacións de novas instalacións e infraestruturas nin a extensión ou mellora nas redes de distribución.

TERCEIRA. IMPORTE DA SUBVENCIÓN.

O crédito global que se dispón para o outorgamento destas subvencións será de 30.000 (trinta mil) euros, con cargo á partida 1611A/4810000 do orzamento vixente.

O importe máximo a recibir por entidade solicitante é de 3.000,00 euros. Tendo en conta o carácter de concorrencia competitiva destas bases e convocatoria no caso de que o importe das axudas correspondentes ás solicitudes recibidas supere a dotación orzamentaria disposta reducirase a contía subvencionable de maneira proporcional entre as beneficiarias de tal xeito que non se supere a cantidade consignada para tal fin.

En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria. Se así fora, este feito daría lugar a unha modificación da resolución da concesión. Así mesmo, calquera alteración das condicións para a concesión das subvencións poderá dar lugar á modificación do acordo de concesión.

Declárase a compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, salvo as subvencións concedidas polo Concello.

CUARTA.- ENTIDADES BENEFICIARIAS.

Terán a consideración de entidade beneficiaria das subvencións desta convocatoria todas as comunidades de persoas usuarias da auga validamente constituídas de acordo coa normativa de aplicación citada na base segunda.



Mércores, 10 de xuño de 2026

Núm. 109

QUINTA.- SOLICITUDES.

De acordo co recollido no artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a presentación e tramitación desta subvención farase exclusivamente por medios electrónicos a través da sede electrónica do Concello de Redondela, debendo proceder a súa sinatura a través dos mecanismos admitidos na sede electrónica (<https://redondela.sedelectronica.gal>). No caso de que as entidades acheguen a súa solicitude en papel, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica, considerando coma data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a emenda e que deberá realizarse dentro do prazo que se recolle na base seguinte.

A documentación presentada será a recollida nos anexos desta convocatoria e conterá a documentación que nos mesmos se indica.

Se as entidades non reuniran os requisitos esixidos nestas bases e convocatoria e no resto da normativa de aplicación, requiriráselle para que emende as deficiencias en dez días, con indicación expresa de se non o fixese, teráselle por desistido na súa solicitude despois da correspondente Resolución, de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. As notificacións serán electrónicas a través da sede electrónica do Concello de Redondela enviándose á conta de correo electrónico que conste na solicitude. Estas notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais dende a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

O Concello de Redondela xestionará de oficio o certificado municipal de estar ao corrente das obrigas fiscais coa Administración local. Ademais, naqueles casos nos que sexa obrigatorio, e sempre que a persoa representante da asociación autorice a este Concello, incorporaranse os certificados de estar ao corrente coa Seguridade Social, Facenda do Estado e Facenda Autonómica.

Non se terán en conta as solicitudes que se reciban fora de prazo, con independencia do procedemento que se empregue, nin as que non se presenten no modelo oficial.

SEXTA.- PRAZO DE SOLICITUDE

Estas bases e convocatoria publicaranse na páxina web do Concello de Redondela e no Boletín Oficial da Provincia.

O prazo de presentación de solicitudes será de DEZ DÍAS HÁBILES contados a partir do día seguinte ao da publicación no BOP do extracto desta convocatoria.



Mércores, 10 de xuño de 2026

Núm. 109

SÉTIMA.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MEMORIA XUSTIFICATIVA.

Xunto con cada solicitude a entidade deberá presentar tamén a documentación xustificativa entre a que figurará a memoria e conta xustificativa (modelo ANEXO II) asinada polas persoas que ostenten a presidencia e a secretaría da entidade e na que se incluírá a información necesaria para súa a valoración. Na xustificación presentarase tamén a documentación que acredite ter realizado a actividade subvencionada e, no caso de existir, copia do protocolo sanitario, do plan de uso responsable, da xustificación do uso do galego, etc.). A puntuación que se atribúa a cada solicitude será o resultado da aplicación dos seguintes criterios:

- 1.- Número de usuarias e usuarios (entendidos como billas ou altas de subministro).
 - a. Ata 50 usuarias ou usuarios: 5 puntos
 - b. Entre 51 e 200 usuarias ou usuarios: 10 puntos
 - c. Máis de 200 usuarias ou usuarias: 15 puntos
- 2.- Corresponsabilidade financeira, entendida como unha cota por billa ou alta de subministro.
 - a. Entre 50 euros e 100 euros: 10 puntos
 - b. Máis de 100: 15 puntos
- 3.- Ter elaborado e actualizado un protocolo sanitario: 10 puntos.
- 4.- Ter elaborado un plan de uso responsable e de racionalización do consumo de auga: 10 puntos
- 5.- Proporcionar auga de consumo a algún centro de ensino, residencias de maiores, centros deportivo, ou calquera outro de carácter público e centros socioculturais parroquiais: 10 puntos
- 6.- Uso de galego nas comunicacións a usuarias e usuarias, así como noutra documentación escrita: 10 puntos
- 7.- Presenza de mulleres a xunta directiva: 5 puntos cando formen parte da mesma o 50% da directiva, e 10 puntos cando o 80% da directiva estea formada por mulleres.

O crédito orzamentario atribuírase a cada entidade de xeito proporcional á puntuación acadada. Dividirase o importe de 30.000 euros entre os puntos totais de todos os beneficiarios. Deste cálculo obterase un ratio euros/punto que se multiplicará pola puntuación de cada comunidade obtendo así a cantidade concedida. A continuación concorrerá o límite dos 3.000 euros para aqueles beneficiarios que obtiveran un importe superior.

OITAVA.- PROCEDIMENTO

1.- A instrución do procedemento corresponderalle á administrativa adscrita ao departamento de medio ambiente que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales formulará a proposta de resolución. Tamén será a persoa encargada de requirir ás entidades solicitantes a emenda das deficiencias.



Mércores, 10 de xuño de 2026

Núm. 109

2.- Realizarase un certificado acreditativo das solicitudes presentadas.

3.- Logo de que a instrutora avalíe as solicitudes segundo os criterios, formas e prioridades establecida nestas bases e convocatoria, elevarase a unha comisión de avaliación integrada polo concelleiro de medio ambiente Alberto Álvarez Pérez, o concelleiro Roberto Villar Rodríguez e o concelleiro Pedro Villaverde Campos (actuando coma suplentes os concelleiros Antonio Cabaleiro Covelo e Iria Vilaboa Álvarez respectivamente), as funcionarias Elisa Vieites Piquenque e Manuela Docampo Pintos, esta última actuará como secretaria con voz pero sen voto. No caso de ter que variar as persoas da comisión ou de nomear suplentes, designarase por Resolución da Alcaldía.

4.- A acta recollerá o debatido na correspondente comisión.

5.- A instrutora con base na acta da Comisión formulará proposta de resolución debidamente motivada debendo expresar as entidades solicitantes para as que se propón a concesión e pagamento de subvencións e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios aplicados para efectual. Na proposta acreditarase que as entidades beneficiarias cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás axudas.

6.- Posteriormente, a proposta pasará á Intervención Municipal para que realice a fiscalización.

NOVENA.—RESOLUCIÓN.

A partir da proposta e logo do informe da Intervención Municipal ditarase Resolución da Alcaldía establecendo a relación de entidades beneficiarias, ordenando o pagamento ás mesmas e a desestimación das restantes solicitudes.

O prazo máximo para a resolver e notificar a resolución do procedemento é de 6 meses.

Contra a anterior Resolución, por esgotar a vía administrativa, poderase interpoñer á elección das entidades:

RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), perante a Alcaldía do Concello, no prazo dun mes que contará a partir do día seguinte ó da recepción desta notificación. O recurso entenderase desestimado se transcorre outro mes, desde a súa interposición, sen que lle sexa notificada a resolución expresamente.

SECCIÓN DO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DO TRIBUNAL DE INSTANCIA DE VIGO, segundo o disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LXCA) directamente, perante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á data de notificación desta resolución.



Mércores, 10 de xuño de 2026

Núm. 109

Contra a desestimación expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte a aquel no que se notifique a resolución. A desestimación por silencio non está suxeita ao prazo de caducidade previsto no artigo 46.1 da LXCA.

Todo isto sen prexuízo de que, se o considera conveniente, interpoña outros recursos procedentes. Ademais sinálase que a interposición de recursos non suspende a execución do acto administrativo, sen prexuízo do disposto no artigo 117.2 da LPAC.

DÉCIMA.—PRAZO DE NOTIFICACIÓN.

A concesión e pagamento das subvencións notificarase ás entidades interesadas de acordo co establecido nos artigos 40, 41, 42 e 43 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Se no prazo de dez días a entidade beneficiaria non manifestara o contrario, entenderase que acepta a subvención e queda suxeita ás obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades sen fins de lucro.

UNDÉCIMA.—OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS.

As entidades beneficiarias das subvencións terán que atermos ás seguintes obrigas unha vez aceptada a subvención:

1. Ter cumprido co obxectivo, realizar a actividade e adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións de acordo coa memoria presentada.
2. Ter xustificado ante o Concello de Redondela o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade pola que se concedeu a subvención.
3. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. En todo caso, a actividade debe ser realizada conforme á normativa vixente aplicable á actividade de que se trate.
4. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
5. Comunicar ao Concello de Redondela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza.
6. Acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.



Mércores, 10 de xuño de 2026

Núm. 109

7. Facer constar, naquelas actividades que así o permitan, que contan coa subvención do Concello de Redondela. Deberá figurar a colaboración do Concello de Redondela en calquera dos soportes publicitarios da actividade subvencionada (empregarase o modelo do Anexo VI)

8. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

9. Desenvolver a actividade subvencionada no termo municipal de Redondela.

10. As persoas xurídicas deberán estar validamente constituídas e rexistradas.

11. As publicacións, carteis, publicidade e toda a produción escrita de todas as actividades subvencionadas polo Concello de Redondela estarán sempre en lingua galega, de acordo coa lexislación e coa Ordenanza reguladora do uso do galego no Concello de Redondela (BOP núm. 196, do 9 de outubro de 1998). Así mesmo respectarán rigorosamente a toponimia oficial de acordo coa Lei 3/83, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística.

O Concello de Redondela poderá en calquera momento do procedemento solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

DUODÉCIMA.— DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA.

A xustificación dos gastos presentarase xunto coa solicitude e será baixo a responsabilidade da entidade declarante que no caso da obtención de subvencións ou axudas doutras Administracións ou organismos, achegará copia das facturas xustificativas das mesmas que deberán corresponder co período subvencionado pola devandita administración.

As entidades beneficiarias presentarán unha declaración responsable de acordo co establecido no artigo 24.5 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Se a entidade beneficiaria fose debedora con motivo dunha débeda vencida, líquida e esixible, a Alcaldía poderá acordar a compensación.

AS FACTURAS PRESENTADAS SERÁN ESCANEADAS E CONTARÁN SEMPRE COS SEGUINTES DATOS:

1.- Emisión á persoa ou entidade beneficiaria con especificación do seu NIF ou CIF e enderezo fiscal.

2.- Identificación completa do provedor, especificando a súa denominación, NIF ou CIF e enderezo fiscal.

3.- Número de factura.

4.- Lugar e data da emisión da factura.



Mércores, 10 de xuño de 2026

Núm. 109

5.- Descrición suficiente da subministración realizada ou do servizo prestado, reflectindo as unidades obxecto do servizo ou subministración, cantidade e prezos unitarios de cada unha delas, contraprestación total, tipo tributario e cota do IVE.

6.- Período que corresponda.

7.- Xustificante de pagamento das facturas mediante transferencia bancaria.

Só serán gastos subvencionables os que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido.

En ningún caso se admitirán como xustificantes de gastos as cantidades satisfeitas ao Concello de Redondela polo uso das instalacións, nin como de calquera tributo ou prezo público satisfeito ao Concello. Tampouco serán gastos xustificables os xuros debedores de contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas e os gastos de procedementos xudiciais.

Se as axudas doutras Administracións Públicas son superiores ás previstas ou declaradas pola entidade beneficiaria no momento da solicitude e fan que superen, xunto coa subvención destas bases e convocatoria, a contía total de gastos, o importe da subvención verase reducido na cantidade que corresponda para que o gasto non sexa inferior ás axudas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE DO PROCEDEMENTO DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA.

Procederáse á publicación na páxina web do Concello de Redondela, no Taboleiro electrónico de Anuncios do Concello e na base de datos nacional de subvencións. En todo caso, o acordo de concesión será exposto durante 30 días no Taboleiro electrónico de Anuncios do Concello, onde se recollerá a convocatoria, o crédito orzamentario, as entidades beneficiarias, a cantidade concedida e a finalidade ou finalidades da subvención. Así mesmo, e cando algunha das axudas concedidas a un beneficiario sexa superior a 3.000 € procederáse á publicación no Diario Oficial de Galicia dun extracto do acordo de concesión das axudas indicando os lugares onde se atopan expostas o seu contido íntegro.

Igualmente será obxecto de publicación na base de datos nacional de subvencións, de acordo co artigo 20.5 da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o artigo 4 do Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

Protección de datos de carácter persoal.

As persoas solicitantes interesadas autorizan a cesión dos datos á Base Nacional de Subvencións dependente da Intervención Xeral da Administración do Estado.

O seu contido terá carácter reservado, sendo de aplicación, en o referente ao dereito de acceso, de acordo co establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o acceso a o seu contido realizarase segundo os procedementos e con o ámbito establecido no artigo 20.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.



Mércores, 10 de xuño de 2026

Núm. 109

Cando teñan que publicarse datos persoais das persoas físicas beneficiarias, haberán de cumprirse en todo caso, os principios e a normativa de protección de datos, incluíndo a forma en que haberán de publicarse os seus devanditos datos persoais identificadores.

Os datos persoais publicados serán exclusivamente os necesarios para o fin do tratamento.

Con todo, non se publicarán as subvencións ou axudas públicas concedidas a persoas físicas cando:

a) A información contida na BDNS ou o propio obxecto da convocatoria proporcione información ou datos especialmente protexidos das persoas beneficiarias ou relativos ás categorías especiais de datos relacionados nos artigos 9 e 10 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

b) A persoa física atópese nunha situación de protección especial que poida verse agravada coa cesión ou publicación dos seus datos persoais, en particular, cando sexa vítima de violencia de xénero ou doutras formas de violencia contra a muller.

Todo elo nos termos do artigo 7.5 do Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

DÉCIMO CUARTA.—REINTEGRO DA SUBVENCIÓN.

As axudas concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

1.- A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulación de subvención, que levará consigo a obriga de devolver as cantidades percibidas.

2.- Tamén procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes nos casos sinalados nos artigos 36 e seguintes da Lei 9/2007, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

As cantidades devoltas terán carácter de dereito público.

DÉCIMO QUINTA.—INSPECCIÓN E CONTROL.

O Concello de Redondela, a través da Intervención Municipal, poderá realizar as comprobacións que estime oportunas respecto das actividades subvencionadas e terá acceso a toda a súa documentación xustificativa. Asemade será de aplicación o Título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Mércores, 10 de xuño de 2026

Núm. 109

DÉCIMO SEXTA.—INFRACCIÓN E SANCIÓN.

Estas bases e convocatoria quedan en materia de infraccións e sancións ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 28 da OMS.

DÉCIMO SÉTIMA.—RÉXIME XURÍDICO APLICABLE.

Estas bases e convocatoria e as subvencións que se concedan de acordo con elas efectuaranse de conformidade coa normativa aplicable seguinte:

- 1.— Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 2.— Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- 3.— Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- 4.— Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
- 5.— Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- 6.— Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- 7.— Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- 8.— Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Redondela.
- 9.— As Bases de execución do Orzamento do Concello de Redondela.
- 10.— Demais normativa aplicable.



Mércores, 10 de xuño de 2026

Núm. 109

Solicitud (Anexo I) Subvencións ás comunidades de persoas usuarias da auga no Concello de Redondela para gastos correntes 2025
--

Datos da entidade solicitante

Nome			
CIF			
Enderezo		Código postal	
Teléfono 1		Teléfono 2	
Correo de notificación electrónica			

Datos da persoa representante da entidade

Nome e apelidos	
Cargo que ocupa	
Enderezo (rúa, número, localidade)	
NIF	TELÉFONO

Documentación que se presenta (marcar SI/NON)

- 1.- Conta xustificativa simplificada (Anexo II)
- 2.- Documentación acreditativa da composición da xunta directiva
- 3.- Copia das facturas dos gastos realizados
- 4.- Xustificante do pagamento correspondente a cada factura mediante transferencia bancaria.
- 5.- Declaración responsable Anexo III
- 6.- Declaración responsable Anexo IV
- 7.- Declaración responsable Anexo V
- 8.- Certificación de conta bancaria a nome da entidade solicitante



Mércores, 10 de xuño de 2026

Núm. 109

___9.- Documentación acreditativa do uso do galego segundo base 7, apartado 6.

___10.- Fotocopia CIF entidade

___11.- Fotocopia NIF presidenta/e

Lexitimación do Concello para o tratamento de datos persoais: Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Redondela publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 99 do 23 de maio de 2008.

De conformidade co establecido na normativa aplicable relativa á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigaón legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Pode retirar o consentimento, no caso de que o outorgara, en calquera momento, podendo exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico: dpd@redondela.gal

Así mesmo, infórmase do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es)

Redondela, de de 2026

Sinatura



Mércores, 10 de xuño de 2026

Núm. 109

Anexo II
Conta xustificativa

Entidade

- 1).- Número de billas (entendidas como altas de subministro): _____
- 2).- Importe anual cobrado pola entidade por cada billa ou alta de subministro _____
- 3).- Protocolo sanitario: __si __non (deberase achegar copia)
- 4).- Plan de uso responsable e de racionalización de consumo de auga: __si __non (deberase achegar copia)
- 5).- Centros centro de ensino, residencias de maiores, centros deportivo, ou calquera outro de carácter público e centros socioculturais parroquiais aos que se proporciona auga de consumo.

- 6).- Uso do galego: (achegarase documentación xustificativa)
- 7).- Presenza de mulleres na xunta directiva (achegarase documentación acreditativa da composición da xunta directiva)
- 8).- Aportarase plano de situación e fotografías das actuacións realizadas.

MEMORIA PARA VALORACIÓN DOS GASTOS CORRENTES ANO 2025

--



Mércores, 10 de xuño de 2026

Núm. 109

RELACIÓN CLASIFICADA DE GASTOS CORRENTES ANO 2025

ACREDOR	NÚM. FACTURA E DATA DE EMISIÓN	IMPORTE	CONCEPTO	DATA DE PAGO

Achegaranse as facturas ou documento con valor probatorio equivalente no tráfico mercantil ou con eficacia administrativa, así como os xustificantes de pagamento destas.



Mércores, 10 de xuño de 2026

Núm. 109

OUTROS INGRESOS OU SUBVENCIONS PERCIBIDAS PARA A MESMA FINALIDADE

--

DATA: ____ DE _____ DE 2026

SINATURA:

	NOME, APELIDOS E DNI	SINATURA
A PRESIDENCIA:		
A SECRETARÍA:		



Mércores, 10 de xuño de 2026

Núm. 109

Declaración responsable (Anexo III)

Referencia (para cubrir pola
Administración)

Don/Dona con NIF
en calidade de representante da entidade
.....

DECLARA

1.- Que acepto, despois de ler e coñecer, as Bases da convocatoria de subvencións para os gastos realizados no ano 2025.

2.- Que esta entidade non está incurso en ningunha das prohibicións recollidas nos parágrafos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3.- Que o conxunto das axudas solicitadas, concedidas e/ou percibidas para a actividade pola que se solicita subvención, procedentes de administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, ademais das previstas nestas Bases, son as seguintes:

- Ningunha outra axuda ou subvención.
- Outras axudas ou subvencións.
(sinalar a que proceda)

Importe	Solicitada/Concedida/Percibida	Administración ou entidade que concede

4.- Que son certos os datos declarados nesta Convocatoria.

Redondela, de de 2026

Sinatura



Mércores, 10 de xuño de 2026

Núm. 109

Declaración de obrigas tributarias (Anexo IV)

Referencia (para cubrir pola
Administración)

Don/Dona.....con

NIF.....en calidade de secretario/a da entidade.....

.....

CERTIFICA

Que esta entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, o que asino en cumprimento da letra E) do apartado 2º do Artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que esta entidade ten debidamente xustificadas as subvencións concedidas en anteriores convocatorias, ou ten solicitada unha prórroga debidamente xustificada e aprobada, ou ben ten presentada unha renuncia por escrito.

Redondela, de de 2026

Visto e prace

A/O Presidenta/e

Asdo.:..... A/O Secretaria/o



Mércores, 10 de xuño de 2026

Núm. 109

ANEXO V

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Entidade

CIF

Representante

NIF

DECLARACIÓNS:

DECLARO RESPONSABLEMENTE que nin a asinante da declaración, nin a entidade á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, están incurso en suposto ningún dos que se refire o artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións Públicas.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que non forma parte dos Órganos de Goberno ou Administración da entidade ningún membro que se atope nos supostos recollidos na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos na mesma.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que a entidade atópase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda estatal, coa Facenda autonómica, coa Recadación Municipal e coa Seguridade Social.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que en cumprimento do artigo 25 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, non ter incumplida ningunha obriga por reintegro de subvencións.

AUTORIZO ao órgano que xestione a subvención a conseguir os datos que estean en poder da administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

Redondela, _____ de _____ de 2026

Asdo.:



Mércores, 10 de xuño de 2026

Núm. 109

ANEXO VI MODELO DE CARTEL



CONCELLO DE REDONDEIRA

**ESTA COMUNIDADE DE PERSOAS USUARIAS DE AUGA É
BENEFICIARIA DUNHA AXUDA DO CONCELLO DE
REDONDEIRA**

